

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE MARZO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de marzo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 7 de marzo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓN DE CATRO (4) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de catro postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón de obras públicas (RS núm. 151, do 16/02/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón de obras públicas (oferta núm. [REDACTED])

- Arias Fernández, Daniel
- Cambeiro Lois, Manuel
- Carral Viana, Jesús
- Deza Ulloa, Manuel
- Dobarro Cibeira, José Ramón
- Estévez López, Carlos
- Fernández Álvarez, Lourdes
- Fernández Fernández, José
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- García Ledo, Carmen
- Guerra Guerra, Mélodi
- Jorge Bernárdez, José
- Ledo Lamas, Luís
- Martínez Estévez, Mercedes
- Sobrado Sánchez, María Jesús
- Sousa García, Cándida
- Toubes Pereira, Daniel
- Vázquez Vázquez, Alberto
- Vázquez Senra, Iván
- Villanueva Janeiro, Luís

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/as candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 292, do 23/02/23)
- García Ledo, Carmen (RE núm. 296 e 330, do 23/02/23 e 27/02/23)

- Sousa García, Cándida (RE núm. 299 e 313, do 23/02/23 e 24/02/23)
- Fernández Álvarez, Lourdes (RE núm. 300 e 337, do 23/02/23 e 27/02/23)
- Arias Fernández, Daniel (RE núm. 306, do 23/02/23)
- Martínez Estévez, Mercedes (RE núm. 308 e 341, do 23/02/23 e 27/02/23)
- Estévez López, Carlos (RE núm. 312, do 24/02/23)
- Guerra Guerra, Mélodi (RE núm. 315, do 24/02/23)
- Jorge Bernárdez, José (RE núm. 317, do 24/02/23)
- Ledo Lamas, Luís (RE núm. 321, do 24/02/23)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 327, do 27/02/23)
- Fernández Fernández, José (RE núm. 333, do 27/02/23)
- Villanueva Janeiro, Luís (RE núm. 335, do 27/02/23)
- Dobarro Cibeira, José Ramón (RE núm. 345, do 27/02/23)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida os días 7 e 9 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	1,05
CARMEN GARCÍA LEDO	2,70
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	3,80
LOURDES FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	2,65
DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ	7,40
MERCEDES MARTÍNEZ ESTÉVEZ	4,50
CARLOS ESTÉVEZ LÓPEZ	3,70
MÉLODI GUERRA GUERRA	5,35
JOSÉ JORGE BERNÁNDEZ	2,80
LUÍS LEDO LAMAS	2,65
JESÚS CARRAL VIANA	0,00
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	3,00
LUÍS VILLANUEVA JANEIRO	3,80

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ RAMÓN DOBARRO CIBEIRA	6,10
MARÍA JESÚS SOBRADO SÁNCHEZ	2,50

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ	██████████
JOSÉ RAMÓN DOBARRO CIBEIRA	██████████
MÉLODI GUERRA GUERRA	██████████
MERCEDES MARTÍNEZ ESTÉVEZ	██████████

RESERVAS:

CÁNDIDA SOUSA GARCÍA
LUÍS VILLANUEVA JANEIRO
CARLOS ESTÉVEZ LÓPEZ
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
JOSÉ JORGE BERNÁNDEZ
CARMEN GARCÍA LEDO
LUÍS LEDO LAMAS
LOURDES FERNÁNDEZ ÁLVAREZ
MARÍA JESÚS SOBRADO SÁNCHEZ
MARÍA VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN
JESÚS CARRAL VIANA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

2.- CONTRATACIÓN DE DOUS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de

conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón teitador en asfalto (RS núm. 150, do 16/02/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón teitador en asfalto (oferta núm. [REDACTED])

- Arias Fernández, Daniel
- Busuioc, Liviu-Ionut
- Dobarro Cibeira, José Ramón
- Estévez López, Carlos
- Fernández Fernández, José
- García Ledo, Carmen
- González García, Josefa
- Guerra Guerra, Mélodi
- Martínez Estévez, Mercedes
- Sousa García, Cándida

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/as candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Martínez Estévez, Mercedes (RE núm. 309 e 341, do 23/02/23 e 27/02/23)
- Arias Fernández, Daniel (RE núm. 304, do 23/02/23)
- Sousa García, Cándida (RE núm. 298 e 313, do 23/02/23 e 24/02/23)
- García Ledo, Carmen (RE núm. 293 e 330, do 23/02/23 e 27/02/23)
- Estévez López, Carlos (RE núm. 311, do 24/02/23)
- Guerra Guerra, Mélodi (RE núm. 314, do 24/02/23)

- Fernández Fernández, José (RE núm. 334, do 27/02/23)
- Busuioc, Liviu-Ionut (RE núm. 343, do 27/02/23)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida os días 7 e 9 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
CARMEN GARCÍA LEDO	2,70
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	3,80
DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ	7,40
MERCEDES MARTÍNEZ ESTÉVEZ	4,50
CARLOS ESTÉVEZ LÓPEZ	3,70
MÉLODI GUERRA GUERRA	5,35
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	3,00
JOSÉ RAMÓN DOBARRO CIBEIRA	6,10
LIVIU-IONUT BUSUIOC	0,50

Faise constar que os/as candidatos con maior puntuación (Daniel Arias Fernández, José Ramón Dobarro Cibeira, Mélodi Guerra Guerra e Mercedes Martínez Estévez) xa foron seleccionados/as para os postos de traballo obxecto do acordo adoptado no punto anterior da orde do día da presente sesión.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón teitador en asfalto

NOME E APELIDOS	DNI
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	██████████
CARLOS ESTÉVEZ LÓPEZ	██████████

RESERVAS:

JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
CARMEN GARCÍA LEDO
LIVIU-IONUT BUSUIOC

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS RESULTADOS DAS ELECCIÓNS SINDICAIS A REPRESENTANTES DOS/AS TRABALLADORES/AS

Polo Sr. secretario do Concello infórmase aos/á Sres./a concelleiros/a membros da Xunta de Goberno Local que a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Vigo vén de trasladar oficialmente ao Concello os resultados das eleccións sindicais a representantes dos/as traballadores/as celebradas o pasado día 3 de marzo do corrente, resultando elixidos como delegados/as de persoal os/as seguintes traballadores/as:

TRABALLADOR/A	SINDICATO
ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ	CSIF
ALFONSO DOVAL CIDRE	CSIF
ISABEL VARELA VÁZQUEZ	CCOO

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de dita comunicación, realizada ao abeiro do disposto no artigo 25 k) do Real Decreto 1844/1994, do 9 de setembro.

5.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

VISTA a instancia presentada por Dona Lala Moh Lamin Moh Cori, con NIE núm. ██████████, veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE

núm. 361, do 01/03/23), pola que solicita a alta da súa filla Tariya Brahim Mom Lamin como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, en xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 02/03/23, pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, da menor TARIYA BRAHIM MOM LAMIN, en xornada parcial de tarde, con data de efectos do día 15 de marzo de 2023.

6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS OITENTA EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (112.280,86 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adjudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 112.280,86 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 068 (FACe), de data 07/03/23, estendida pola adjudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A. 308,55 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas de San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. 2023F0000061 (FACe).
- EPI PRENSA S.L.U. 375,00 €
Por subscripción anual ao diario “El Correo Gallego”, s/factura núm. S1524 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 525,00 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000554.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,18 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-C3U1-117938 e 28-C3DD-045736 (FACe).
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 136,13 €
Por subministro de chapas conmemorativas da celebración do 8-M, s/factura núm. A/2023041.
- FERRODEIRO S.L. 752,49 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000555.
- MANUEL JORGE ALBOR 2.514,38 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 273.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 396,46 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. C 9775.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 4.186,60 €
Por traballos de reparación no parque do río Rodeiro de danos por inundacións, s/factura núm. 2023-6 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 50,58 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20230670 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 851,05 €
Por diversas reparacións na máquina varredora, s/factura núm. C 9776.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.049,54 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. FA – 210.
- ODAIKO KREA S.L. 6.267,80 €
Por instalación de carpa, plataforma, material, equipo de son e actuacións musicais no Entroido, s/factura núm. 030 (FACe).
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 3.690,50 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares dos Vilares, Achacán e Pescoso, s/factura núm. 01.
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 2.662,00 € E 2.541,00 €
Por traballos de acondicionamento dos camiños municipais de Barbeitos a Arcas e de Negrelos á costa de Río, s/facturas núm. 5 e 6.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 3.448,50 €, 2.589,40 €, 2.032,80 € E 3.436,40 €
Por traballos de reparación de danos en estradas municipais por mor dos temporais nas parroquias de Río, Negrelos, Arnego, Carboentes, San Martiño de Asperelo, Álceme, Santa Baia de Camba e Fafián, s/facturas núm. 2023-7, 2023-8, 2023-9 e 2023-10 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)